

# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021


## Tempo de verán e durmir fóra

### Campamentos tradicionais de pernoita

É tempo de diversión,  
é tempo de conciliar.

Aberta a preinscrición  
do 24 ao 26 de maio.

Máis información en  
[www.coruna.gal/campamentos2021](http://www.coruna.gal/campamentos2021)



# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

## **INFORMACIÓN CAMPAMENTOS TRADICIONAIS DE PERNOITA**

A Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Acción Social, organiza un ano máis os Campamentos tradicionais de pernoita. Pasaredes una semana fora da casa mentres realizades actividades de multiaventura aprendendo valores relacionados coa cultura do deporte e o respecto á natureza...esperámosvos un ano máis!

## **INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19**

O Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social, e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria, en relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial da COVID-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer xuvenil, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades.

A realización dos campamentos do Concello da Coruña queda supeditada á evolución da crise sanitaria provocada pola Covid-19. No caso de emitir as autoridades sanitarias competentes información contraria á súa realización, este quedaría suspendido.

## **1. PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS A EMPREGAR EN ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO XUVENIL CON MOTIVO DA COVID-19**

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal, establecerase un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas a situacións concretas. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

## **2. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO EN COVID-19**

O campamento contemplará e avaliará o risco para cada tipo de situación que poida darse, a través dun protocolo de prevención e actuación ante COVID-19, coas consideracións para ter en conta en caso de risco de contaxio ou de contaxio positivo. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

## **3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO**

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal, a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigaón de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

## **CALENDARIO**

**Preinscrición:** 24, 25 e 26 de maio

\*Un mesmo menor pode solicitar, indicando a orde de preferencia, ata dúas quendas de campamento tradicional de pernoita.

\*\*No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.

\*\*\*A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

\*\*\*\*As nenas e nenos que soliciten praza de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio

**Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:** 31 de maio

\*As listaxes poderán consultarse nas webs [coruna.gal/campamentos2021](http://coruna.gal/campamentos2021) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais) así como no 010 ou nas portas dos centros cívicos

**Reclamacións:** 01, 02 e 03 de xuño

**Sorteo das prazas:** 04 de xuño

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 10 de xuño nas webs [coruna.gal/campamentos2021](http://coruna.gal/campamentos2021) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais), no 010 ou nas portas dos centros cívicos

\*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

**Inscrición:** do 11 ao 15 de xuño

\*Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

Para aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición e a inscrición por vía telemática, facilítanse os seguintes números de teléfono para poder realizala por vía telefónica a través do 010.

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

Para rapazas e rapaces nados do 1/01/2005 ao 31/12/2013

\*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.

\*\*Existe reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais

## **QUENDAS**

**1ª Quenda:** do 11 ao 17 de xullo 2021

**2ª Quenda:** do 18 ao 24 de xullo de 2021

**3ª Quenda:** do 1 ao 07 de agosto de 2021

**4ª Quenda:** do 08 ao 14 de agosto de 2021

\*A primeira e terceira quenda serán para grupos de menores de 8 a 11 anos

\*\*A segunda e cuarta quenda serán para grupos de menores de 12 a 16 anos

## **HORARIO**

Son campamentos con pernoita de xeito que durarán as 24 horas do día de cada quenda

## **ESPAZO DE REALIZACIÓN**

Centro Os Peares, Poboado de Fenosa s/n, 27528 Carballedo, Lugo

\*O espazo de realización poderá variar por motivos de dispoñibilidade. Sempre será unha instalación fora do termo municipal da Coruña pero dentro de Galicia.

## **Nº PRAZAS**

180

## **COTA DE INSCRICIÓN**

85,00 €

\*A cota do campamento inclúe o transporte e a comida diaria.

\*\*No momento de formalizar a inscrición facilitarase o número de conta no que realizar o pagamento así como un enderezo electrónico ao que enviar o comprobante de telo feito e outra documentación que poida ser requirida.

**+ información e inscrición en [coruna.gal/campamentos2021](http://coruna.gal/campamentos2021)**